



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.es

Descrición Decreto: Aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección de formación da I bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como Fisioterapeuta da Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto.

DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Finalizado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo de formación da I bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como Fisioterapeuta da Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto, aprobado por decreto desta alcaldía núm. 195/2018 de data 23/05/2018.

Vista a certificación de Secretaría de data 06/06/2018 sobre as solicitudes presentadas en tempo e forma.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, RESOLVO

PRIMEIRO.- Aproba-la seguinte lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

FISIOTERAPEUTA DA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES E CENTRO DE DÍA	
APELIDOS E NOME	DNI
ADMITIDOS/AS	
GOMEZ REGUEIRA NOELIA	45871396N
EXCLUIDOS/AS	
Ningún/ha	

SEGUNDO.- Elevar a definitiva a lista provisional de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo ao non existir excluídos/as segundo o sinalado no punto décimo das bases para Fisioterapeuta da Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto.

TERCEIRO.- Nomear os seguintes membros da Comisión seleccionadora en aplicación da base novena da convocatoria aprobada por decreto alcaldía núm. 195/2018 de data 23/05/2018 para selección de formación da bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como Fisioterapeuta da Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto:

-Presidente: A técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto, M.^a Teresa Gómez Cea.

Suplente presidente: A traballadora social do Concello de Toques, Guadalupe Vázquez Ascariz.

-Vogais:

1º vogal: A axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto, Ana M^a Vallo Camba.

Suplente 1º vogal: A axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques, Mónica Seijas Rey.

2º vogal: A traballadora social do Concello de Boimorto, M.^a Esther Vidal Pandelo.

Suplente 2º vogal: A traballadora social do Concello de Sobrado, M.^a Ermitas Sánchez González.

3º vogal: A auxiliar de axuda a domicilio do Concello de Boimorto, M.^a Elena Rey Souto.

Suplente 3º vogal: A auxiliar de axuda a domicilio do Concello de Boimorto, M.^a Luz Gómez García.

-Secretaria: a do Concello ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

- Asesor- colaborador da Comisión seleccionadora con voz pero sen voto, ante a falta de especialización de persoal do Concello de Boimorto como Fisioterapeuta da Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto: Ana Isabel García Bermejo, fisioterapeuta da Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto.

CUARTO.- Convocar aos membros da Comisión seleccionadora e ós aspirantes á selección de formación da bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais como Fisioterapeuta da Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto á realización da proba práctica (oposición) para o xoves día 7 de xuño ás 10:00 horas na Residencia de persoas maiores e Centro de día do Concello de Boimorto.

QUINTO.- Colgar este decreto na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios aos efectos oportunos.

BOIMORTO, mércores 6 de xuño de 2018

A Alcaldesa - Presidenta

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Dou fe, a secretaria

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VAZQUEZ